

**REGULAMENTO PARA A ELABORACIÓN E DEFENSA DO TRABALLO FIN DE GRAO (TFG) DA  
TITULACIÓN DE GRAO EN MESTRE/A DE EDUCACIÓN PRIMARIA NA FACULTADE DE  
FORMACIÓN DO PROFESORADO**

**Aprobado polo Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2017**

**Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación**

Este regulamento ten por obxecto a regulación do Traballo Fin de Grao correspondente á titulación de Grao en Mestre/a de Educación Primaria que se imparte na Facultade de Formación do Profesorado. Adáptase ao “Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela”, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016, que se aplicará subsidiariamente a todos os asuntos non contemplados expresamente no presente regulamento.

**Artigo 2.- Natureza do TFG.**

2.1. O Traballo Fin de Grao (TFG) forma parte do plan de estudos da titulación de Graduado ou Graduada en Mestre ou Mestra de Educación Primaria pola Universidade de Santiago de Compostela, cunha carga lectiva de 9 ECTS.

2.2. O TFG consistirá na elaboración por parte do ou da estudante dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados na titulación. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración da información, elaboración de resultados relevantes, redacción, e presentación e defensa do traballo.

2.3. De xeito excepcional, no caso de propostas especialmente creativas (expresión plástica, expresión musical, literatura infantil, etc.) e previo informe razoado do titor ou titora e autorización da Comisión do Prácticum e Traballo Fin de Grao, o TFG poderá adoptar un formato que non se axuste exactamente ao indicado no parágrafo anterior, sempre que permita mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título.

2.4. O TFG poderá ser elaborado de forma individual ou en grupo. Neste último caso o traballo deberá contemplar unha clara delimitación de tarefas entre os membros do grupo, de xeito que sexa perfectamente avaliable a participación de cada estudante no resultado global. O título do traballo será único e a cualificación será individual para cada membro do grupo.

2.5. O TFG desenvolverase baixo a supervisión dun ou máis titores/as académicos/as.

**Artigo 3.- Órganos encargados da xestión dos traballos.**

3.1. O centro designará un/unha coordinador/a de TFG para o Grao en Mestre/a de Educación Primaria.

3.2. A Comisión do Prácticum e Traballo Fin de Grao é a encargada de atender ás cuestións propias do desenvolvemento da materia “Traballo Fin de Grao”.

3.3. No que se refire aos TFG, as competencias da devandita comisión serán:

- Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, as modalidades de defensa admitidas en cada caso, os instrumentos de seguimento e os criterios xerais de avaliación, establecendo a porcentaxe de cualificación asignada ao desenvolvemento da memoria, exposición do traballo, resposta a preguntas e outras características de avaliación fundamentais das titulacións.
- Establecer a convocatoria anual de traballos nas tres oportunidades.
- Determinar os sistemas de titoría.
- Aprobar a proposta das liñas temáticas e temas, previa consulta aos departamentos con docencia nos títulos.
- Establecer e publicar un procedemento para a asignación dos titores/as e os temas que poderán desenvolverse na elaboración dos traballos.
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignado derivada de situacións excepcionais, previa consulta ao/s departamento/s afectado/s.
- Fixar as características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo,...).
- Aprobar os tribunais de avaliación.
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.
- Propoñer os prazos de entrega dos traballos e informes de seguimento e as datas de defensa dos traballos de acordo co calendario académico.
- Solucionar as incidencias graves relativas a esta materia.
- Calquera outra que a Xunta de Facultade lle encomende.

3.4. A Xunta de Facultade aprobará a guía docente e os períodos de entrega e defensa dos TFG, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

#### **Artigo 4.- Convocatorias.**

4.1. A Comisión do Prácticum e TFG aprobará as datas concretas de entrega e defensa dos TFG, que estarán comprendidas dentro dos intervalos temporais que determine o calendario académico.

4.2. Os TFG entregados só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, salvo os correspondentes ao propio traballo. A Facultade verificará que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa defensa. Para estes efectos, no caso de que na data de defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de avaliación das materias, o/a secretario/a da Facultade solicitará do profesorado encargado das mesmas que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia defender os traballos na mesma convocatoria.

4.3. A Comisión do Prácticum e TFG, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, concretará as datas para a celebración das defensas dos traballos nos intervalos temporais que determine o calendario académico.

## **Artigo 5.- Do/a titor/a docente, da súa asignación e da elección do tema do traballo.**

5.1. Os TFG deberán ter un/unha titor/a que asista ás/aos estudantes na realización do traballo. Por razóns xustificadas e previo acordo da Comisión do Prácticum e TFG, poderá designarse outro/a titor/a, un/unha cotitor/a, ou excepcionalmente dous cotitores/as.

5.2. O/a titor/a será Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas que impartan docencia na propia titulación. Procurarase, ademais, que o/a titor/a imparta docencia doutras materias na mesma titulación.

5.3. Tras a correspondente comunicación por parte dos departamentos con docencia na titulación, a Facultade publicará a listaxe de titores/as e temas dos traballos.

5.4. A asignación do PDI encargado de titorizar ás/aos estudantes farase en tempo e forma segundo determine a Comisión do Prácticum e TFG, dependendo do período en que se matricule o estudante e a convocatoria á que se vaia presentar.

5.5. O/a titor/a programará sesións de traballo coas/cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expoñer a cada estudante as características do traballo, de orientalo no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir o informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento no prazo que estableza a Facultade antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta para a avaliación establecida no Artigo 6 deste regulamento.

5.6. O informe de seguimento poderá ser todo o detallado que o titor ou titora considere oportuno, e deberá incluír, como mínimo, información sobre: asistencia regular ás sesións programadas, interese e implicación, e grao de cumprimento dos obxectivos programados. No caso de TFG realizado en grupo, o/a titor/a deberá sinalar, para cada estudante implicado, e a maiores das informacións xa indicadas, outras que atendan ao seu grao de compromiso co traballo grupal e a súa capacidade de realizar achegas para o correcto desenvolvemento do TFG.

## **Artigo 6.- Avaliación do TFG.**

6.1. A avaliación dos traballos realizarase a través da súa exposición e defensa pública diante dun tribunal ou diante do/a titor/a do traballo. Os/as estudantes solicitarán expresamente ser avaliados por un tribunal ou polo/a titor/a do seu traballo.

6.2. Os membros dos tribunais serán PDI da titulación. Os tribunais de avaliación configuraranse da forma que estableza a Comisión do Prácticum e TFG, atendendo ao número de alumnos/as que soliciten ser avaliados por un tribunal, á temática e ás modalidades dos diferentes traballos.

6.3. Os tribunais estarán formados por tres membros e, polo menos, un suplente que substituirá, de ser o caso, ao membro ausente. O/a titor/a non poderá formar parte do tribunal avaliador, pero poderá ser convidado por este ás deliberacións, por acordo da maioría dos seus membros, unha vez rematada a defensa do traballo por parte do/da estudante. Polo menos, un dos membros do tribunal pertencerá a unha área de coñecemento afín ás liñas temáticas xerais dos traballos. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada. Poderá constituírse un tribunal único para a avaliación dos traballos da mesma convocatoria.

6.4. O tribunal estará formado por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e un/unha vogal. Utilizarase o criterio de categoría docente e antigüidade para nomear o/a presidente/a, que será o de maior categoría e o máis antigo, e o/a secretario/a, que será o de menor categoría e máis novo. O/a presidente/a e o/a secretario/a exercerán como tales en todas as actuacións. Procurarase que a participación do PDI nos tribunais sexa equitativa entre o PDI da titulación.

6.5. O tribunal emitirá a súa valoración definitiva despois de coñecer o informe do titor ou titora.

6.6. En aplicación do disposto no Artigo 6.7 do *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela*, o TFG do alumnado que expresamente así o solicite será avaliado polo titor ou titora do traballo, quen deberá documentar rigorosamente todas as fases do proceso avaliador:

- Convocatoria do acto de defensa pública dos TFG, na que se indique día e hora, lugar e relación dos TFG que van ser defendidos.
- Acta individual por cada alumno/a e traballo, na que conste o nome do titor, o título do traballo defendido, a cualificación recibida e a data de defensa. A acta estará asinada polo titor ou titora.
- Esta documentación permanecerá custodiada na Secretaría da Facultade.

#### **Artigo 7.- Modalidades de defensa do TFG.**

7.1. Como norma xeral, a defensa pública dos traballos consistirá na súa exposición individual ou en grupo ante o tribunal ou o/a titor/a, segundo a opción elixida polos/polas estudantes. Non obstante, a Comisión do Prácticum e TFG poderá autorizar outro formato de defensa pública dos TFG (congreso, exposición de pósteres, comunicacións, etc.), sempre que previamente o alumno ou alumna interesada llo tivera solicitado por escrito e coa debida antelación.

7.2. No caso de traballos protexidos por cláusulas de confidencialidade actuarase consonte o disposto no Artigo 11 do *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela*.

## **Artigo 8.- Entrega e defensa do TFG.**

8.1. O alumnado deberá entregar o TFG seguindo o procedemento que acorde a Comisión do Prácticum e TFG, que se publicará na páxina web da Facultade. Os requisitos formais determinaranse na guía docente da materia.

8.2. A defensa do traballo ante o tribunal requirirá o informe previo e preceptivo do/a titor/a ao que se fai referencia nos apartados 5.5, 5.6 e 6.5.

8.3. A defensa do TFG realizarase de xeito presencial, sexa diante do tribunal ou do titor ou titora. Non obstante, para casos excepcionais debidamente autorizados pola Comisión do Prácticum e TFG, poderá realizarse a defensa a través de medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

8.4. O alumnado que, unha vez entregado o traballo e verificadas as condicións para a súa defensa, non se presente ao acto público de defensa do TFG na data sinalada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade.

8.5. A elaboración e defensa do traballo poderanse efectuar en calquera das linguas que se utilizaron na impartición do grao conforme ao disposto na memoria de verificación do título.

8.6. Para a defensa do TFG ante o tribunal, o alumnado disporá dun máximo de quince minutos e poderá empregar os medios técnicos que considere oportunos. Logo, os membros do tribunal disporán tamén dun máximo de quince minutos para efectuar as preguntas que entendan precisas, e o alumnado disporá así mesmo de quince minutos para contestalas. No caso dos TFG realizados en grupo, o tempo de exposición e defensa poderá aumentarse proporcionalmente en función do número de membros do grupo.

8.7. Para a defensa do TFG ante o/a titor/a, o alumnado disporá dun máximo de quince minutos e poderá empregar os medios técnicos que considere oportunos. Logo, o titor ou titora disporá duns cinco minutos para efectuar as preguntas que entenda precisas, e o alumnado disporá polo menos dun tempo equivalente para contestalas. No caso dos TFG realizados en grupo, o tempo de exposición e defensa poderá aumentarse proporcionalmente en función do número de membros do grupo.

## **Artigo 9.- Cualificación e revisión do TFG.**

9.1. A cualificación dos traballos realizarase conforme aos criterios establecidos na guía docente da materia, que estarán vinculados á consecución das competencias da titulación e das competencias transversais.

9.2. Os tribunais deliberarán sobre a cualificación que lle corresponde conforme aos criterios de avaliación publicados na guía docente e ao disposto na memoria de verificación do título, outorgando a cualificación de acordo coa seguinte escala numérica, de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non Presentado (NP)
- 0 - 4,9: Suspenso (SS)
- 5,0 - 6,9: Aprobado (AP)
- 7,0 – 8,9: Notable (NT)
- 9,0 – 10: Sobresaliente (SB)

9.3. No caso de que os membros do tribunal non cheguen a un acordo sobre a cualificación, a nota final será o resultado da media aritmética das tres cualificacións outorgadas polos integrantes do tribunal.

9.4. No caso de avaliación a cargo do/a titor/a, a cualificación máxima que poderá obterse é de 7,5 (Notable).

9.5. As cualificacións, tanto as outorgadas polo titor ou titora como polos tribunais, deberán expoñerse publicamente no taboleiro habilitado ao efecto.

9.6. O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e incluírán como mínimo dúas datas opcionais. Para estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

9.7. A revisión será persoal. No caso de avaliación a cargo do tribunal, a revisión poderá realizala un ou varios dos seus membros. En todo caso, deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

9.8. O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

9.9. A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnas/os é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico. A atribución desta mención corresponderalle á Comisión do Prácticum e TFG, oídas as propostas dos tribunais e titores/as avaliadores.

#### **Artigo 10.- Xestión das actas.**

Para a xestión das actas seguirase o procedemento establecido no Artigo 10 do *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela*, tendo en conta a posibilidade de que o TFG poderá ser avaliado tanto por un tribunal como polo/a titor/a, segundo elección do alumnado.

#### **Artigo 11.- Dereitos e deberes do alumnado.**

Os dereitos e deberes do alumnado en relación co TFG son os recollidos nos artigos 11 e 12 do *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela*.

#### **Disposición final. Entrada en vigor.**

1. O presente regulamento entrará en vigor no curso académico 2016/2017, unha vez publicado no taboleiro electrónico da USC, trala súa aprobación polo Consello de Goberno.
2. O presente regulamento será interpretado en consonancia co resto de normas e procedementos da Universidade de Santiago de Compostela vixentes, entre outras a

*Normativa sobre permanencia nas titulacións de Grao e Máster, a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, o Regulamento da USC dos intercambios universitarios de estudantes, as Normas de Planificación Académica Anual e o Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela.*

**Disposición derogatoria.**

Quedan derogadas cantas normas se opoñan a este acordo, en particular o Regulamento do TFG do Grao en Mestre/a de Educación Primaria aprobado polo Consello de Goberno da USC o 26 de marzo de 2014.